



EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 16 de outubro de 2017

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 16 de outubro de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 09/10/2017, que se aprobou por unanimidade.

Propuestas

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2017/4631

Dáse conta do escrito presentado por D. Franciso Jesus Fernandez Rodríguez e/n **Caritas Diocesana de Santiago**, solicitando autorización para instalar unha carpa informativa na Praza de Galicia o día 23 de novembro, de 11 a 18 horas, con motivo da celebración do “Día das persoas en situación de sin fogar”

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.



PRP2017/4632

Dáse conta do escrito presentado por **D. Pedro Martins Pereiro**, solicitando autorización para montar un remolque con mesas de aire no Parque Miguel Hernández os días 13, 14 e 15 de outubro.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Deberá informar o servizo de arbitrios dado que trátase dunha venda ambulante.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2017/4633

Dáse conta do escrito presentado por **María Isabel Gómez Vicente**, solicitando autorización para instalar un posto de rosquillas e lambetadas nas inmediacións do Cemiterio de Vilagarcía o día 1 de novembro.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Deberá cumprir os requisitos que, como establecemento de venda ambulante e de hixiene por venda ambulante de alimentos, sexan requiridos e que establece a Lei de Comercio 13/2010 de Galicia.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2017/4634

Dáse conta do escrito presentado por **Alcohólicos Rehabilitados Arousa**, solicitando autorización para instalar unha carpa na Praza de Galicia o día 14 de outubro, de 10 a 14 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.



- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2017/4641

Dáse conta da comunicación da Secretaría de Estado para as Administracións Territoriais remitindo informe de avaliación da nova versión do Manual de Procedementos e demais documentación aportada polo Concello como organismo intermedio do FEDER (EDUSI II) en relación co programa Vilagarcía Avanza. A Xunta de Goberno Local préstalle a súa aprobación. Así mesmo e coa finalidade de levar a cabo as actuacións previstas con cargo o devandito programa acórdase modificar o acordo de Xunta de Goberno Local de 10 de xullo de 2017 e adscribir a Dona Susana González Torres á Xerencia de Urbanismo.

PRP2017/4667

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Ramon Maneiro Cadillo-Comercial Maneiro** para ampliar camiños e estradas en Bamio, Santa Mariña e Guillán, por un importe total de 1.089,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 453.210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/4671

Vista a proposta do Encargado de Obras para facer unha ampliación no desaugue no lavadoiro de Aldea de Arriba, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os orzamentos presentados por **Sobrinho G, S.A.** polo subministro de tubo de saneamento, por un importe total de 286,19€ (IVE incluído), e por **Aridos del Umia S.A.** polo suministro de 6m³ de formigón, por un importe de 502,25€ (IVE incluído), con cargo á partida 161.210.

Lémbrese aos provedores que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Emprego

PRP2017/4649

Dáse conta da Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria de 11 de setembro de 2017, pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a subvención de parte dos custos salariais dos Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local para o exercicio de 2017.

A Xunta de Goberno Local ACORDA:

1º.- Aprobar o proxecto e solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria unha subvención polo 35% dos custos laborais totais, por un importe total de 14.100,45€.



2º.- Facer constar que o Concello financiará a parte dos custos non subvencionada por esta Consellería que ascende á cantidade de 26.186,55€, sendo o custe total de 40.287,00€.

PRP2017/4652

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á contratación de traballadores por conta allea 2017, presentada por **D. Juan Carlos Bello Mariño e/n Icem Especialidades Médicas.**

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 3.000,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2017/4653

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2017, presentada por **Dona Mercedes Mondragón Betanzos** (Establecemento O Lar De Merchy).

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 2.000,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2017/4656

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2017, presentada por **Dona M^a Carmen Pérez Cascon** (Establecemento Quiosco Cavadelo).

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 1.862,22 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2017/4659

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2017, presentada por **Elena González Soñora** (Establecemento English Academy S.C.G.)

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda denegar a subvención solicitada por non reunir a solicitante os requisitos necesarios para ser beneficiaria da subvención, de conformidade co disposto na Base primeira 1.3 do Programa.



PRP2017/4673

Visto o informe do Concelleiro de Promoción Económica acordase modificar as Bases reguladoras da convocatoria realizada polo Concello de Vilagarcía de Arousa de subvencións a empresas para a contratación de traballadores/as desempregados/as por conta allea, ampliándose o prazo de presentación de solicitudes ata o 30 de novembro de 2017, cun prazo para resolver dun mes existindo un remanente económico de 26.750€.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2017/4647

Vista a solicitude da **Asociación de Diminuídos Psíquicos “Con Eles”**, e a proposta da Directora da Biblioteca, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar o uso do vestíbulo da Casa de Cultura para a realización da actividade “Clube de lectura doada”, nas seguintes datas:

- 19 e 26 de outubro.
- 2, 9, 16, 23 e 30 de novembro.
- 7 e 14 de decembro.

Mercados

PRP2017/4657

Dáse conta do escrito presentado por **D. Luís Vázquez Oubiña e/n Dona Rosario Cores Fandiño**, en representación de Vendedoras Ambulantes de Flores- Vilagarcía, en relación coa instalación dunha carpa para venda de flores con motivo da celebración da festividade de Tódolos Santos.

Vistos os informes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización para os días 29, 30, 31 de outubro e 1 de novembro para a instalación da carpa solicitada no lugar tradicional (García Caamaño). Se a instalación da carpa se pretende levar a cabo os días 28, 29, 30, 31 de outubro e 1 de novembro a instalación deberá facerse no Parque de A Xunqueira.

A carpa será destinada as vendedoras con concesión de posto de flores no mercadillo, ás vendedoras campesiñas de flor de colleita propia da praza de abastos, así como ás floristas da praza de abastos, debendo poñerse en contacto co Xefe de Mercados para fixar a situación concreta da mesma a fin de que non interfira na celebración do mercado. Sendo por conta do Concello a instalación e pago de luz, así como a decoración.

ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE

Turismo

PRP2017/4661

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa da subvención concedida para contratación de persoal nas Oficinas de Turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, facendo constar:

Primeiro: O importe total da subvención destinouse á finalidade para a que foi concedida (contratación dun técnico en turismo para atender o incremento de visitantes e de demandantes de información na Oficina Municipal de Turismo, situada na Praza da Peixería, coma no Museo do Ferrocarril (MUFEVI).

Segundo: Os conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados polo concello, imputables á actuación subvencionada, son os seguintes:



MES	TOTAL RETRIB.	S.S. EMPRESA	CUSTE
Xuño	593,06	194,22	787,28
Xullo	1.111,99	367,81	1.479,80
Agosto	1.123,11	367,81	1.490,92
Setembro	660,23	183,91	844,14
TOTAIS	3.488,39	1.113,75	4.602,14

Promocion Económica

PRP2017/4662

Vista a proposta do Concelleiro de Promoción económica a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as cantidades obxecto de premio aos gañadores en cada unha das categorías dentro da convocatoria dos I Premios Emprendemento Concello de Vilagarcía de Arousa-Emprende VGA, por un importe de 3.000,00€ cada un (9.000,00€ en total) con carácter de concesión. Para o recoñecemento de obriga deberá acreditar a posta en funcionamento da actividade empresarial sendo a data límite o día o 29 de novembro. Os premiados son Don Diego M. Riveiro Cores, Dona M^a Dolores Ramos Cascallar e Dona Patricia Santos Izquierdo.

ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE

Consumo

PRP2017/4692

Dáse conta do Decreto 15/2017, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra, en relación co recurso interposto por D. José Luis Otero Carballal (Procedemento Abreviado 158/2016), aprobando a taxación de costas practicada, por importe de 277,20 €, 270€ en concepto de pago da taxación de costas e 7,20€ en concepto de pago da liquidación de intereses.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda o recoñecemento de obriga a favor do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra da citada cantidade, con cargo á partida 929.22699.

Sanidade

PRP2017/4665

Dáse conta do convenio de colaboración asinado entre os Concellos de Cambados, Meis, Ribadumia e Vilagarcía de Arousa para actividades de prevención de drogodependencias e outras condutas aditivas ao longo de 2017.

A Xunta de Goberno Local préstalle a súa aprobación e acorda dar conta ao Negociado de Rendas para que proceda a liquidar aos concellos as cantidades que lles corresponden conforme ao convenio asinado, debendo así mesmo remitirse aos concellos para a súa sinatura.

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2017/4695

Vista a solicitude de **D. Alfonso Galbán Rico e/n Asociación Musical Arosa Bay**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do



Auditorio Municipal o día 2 de decembro de 2017, durante todo o día, para a presentación ao público do seu segundo disco (CD) , sendo de carácter gratuito e para todo o público.

Deberá asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOPP 29 de setembro de 2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2017/4697

Vista a solicitude de D. Francisco M. Ozores Grande, en representación de **Arosa S.C.** e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 22 de outubro de 2017, para actuación dun grupo musical, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOPP 29 de setembro de 2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá presentar na Concellería de Cultura copia de póliza de Seguro de Responsabilidade civil e sinistros, así como copia do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2017/4698

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Dipetrinta S.L.** para á adquisición de proxectores e pantallas para seminarios, por un importe de 1.343,00€ (IVE engadido), con cargo á partida 334.62300.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/4699

Vista a solicitude de D. Francisco Jesús Fernández Rodríguez, en representación de **Cáritas Interparroquial de Arousa** , e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Seminario 1 do Auditorio Municipal, os días 16 e 30 de outubro de 2017, en horario de 10:30 a 13 horas, para a impartición do programa ARRUMÍ coa comunidade xitana, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das



Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

PRP2017/4701

Modifícase o acordo de Xunta de Goberno Local de 26/06/2017 de aprobación do Convenio para a concesión directa de subvención pública coa Asociación Curtas Films Fest e apróbase anexo ao citado convenio engadindo unha subvención en especie por importe de 1.450,80€ con cargo á partida orzamentaria 334.489 para a impresión de catálogo de exposicións previstas no Certame, debendo facturarse a devandita presentación a Asociación Curtas Films Fest.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2017/4276

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda: aprobar a Memoria valorada denominada “Servizo de mantemento dos Parques Infantís de Aralde, Miguel Hernández e Paseo Marítimo de Carril”, redactada polo Arquitecto Municipal D. Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, cun importe de 11.041,13€ (IVE engadido) con cargo á partida 171-213.

Este servizo licitarase conxuntamente pero dividido en dous lotes, sendo o lote 1 (mantemento parques infantís) financiado pola Deputación Provincial por unha contía de 49.929,16€, e o lote 2 financiado polo Concello por 11.041,13€.

PRP2017/4675

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o acordo de colaboración entre as empresas Mantra e Enxamio e o Concello de Vilagarcía de Arousa, para o uso de explotación da plataforma informática (Ecolixo) de control e mellora da xestión de residuos de competencia municipal, con carácter gratuíto e polo período de un ano prorrogable.

PRP2017/4677

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo acórdase adjudicar a dirección de obra e documentación final para a Obra "Tareas de mantemento en edificio antiga Peixería en Vilagarcía de Arousa" a **Francisco Javier Vázquez Fernández** por un importe de 701,80€ (IVE engadido).

PRP2017/4678

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto relativo aos honorarios de redacción do proxecto para o investimento denominado **Humanización da Rúa Vázquez Leis en Vilaxoán** (recuperación espazos públicos e impulso comercio de barrio) por un importe total de 18.803,40€ (IVE incluído), do cal o montante destinado a redacción do proxecto básico e de execución será dun 65% 12.222,20€ (exercicio 2017) e da dirección de obra dun 35% 6.581,20€(exercicios futuros), con cargo á partida 150.640. Para o que se solicitarán polo Departamento de Contratación as oportunas ofertas para prestación do citado servizo.



PRP2017/4679

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto relativo aos honorarios de redacción do proxecto para o investimento denominado **Primeira fase da humanización da Rúa Cervantes en Carril** (recuperación espazos públicos e impulso comercio de barrio) por un importe total de 16.940,00€ (IVE incluído), do cal o montante destinado a redacción do proxecto básico e de execución será dun 65% 11.011,00€(exercicio 2017) e da dirección de obra dun 35% 5.929,00€(exercicios futuros), con cargo á partida 150.640. Para o que se solicitarán polo Departamento de Contratación as oportunas ofertas para prestación do citado servizo.

PRP2017/4681

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto relativo aos honorarios de redacción do proxecto para o investimento denominado **Rehabilitación do piorno situado no parque da Xunqueira** (recuperación equipamentos en desuso) por un importe total de 21.659,00€ (IVE incluído), do cal o montante destinado a redacción do proxecto básico e de execución será dun 65% 14.078,35€(exercicio 2017) e da dirección de obra dun 35% 7.580,65€(exercicios futuros), con cargo á partida 150.640. Para o que se solicitarán polo Departamento de Contratación as oportunas ofertas para prestación do citado servizo.

PRP2017/4682

Dáse conta da licitación do contrato denominado “Acondicionamento e mellora dos aseos no campo de fútbol de Vilaxoán”, a través da Plataforma de Licitación Electrónica da Administración Local de Galicia, durante o prazo de presentación de ofertas, presentáronse as seguintes:

Licitador	Oferta (sen IVE)	IVE 21%	Oferta engadido)	(IVE	Mellora
Zona de Obra o Rosal, S.L	24.215,43 €	5.085,24 €	29.300,67 €		-Reduce prazo execución en 8 semanas.
Nemesio Ordóñez, S.A.	27.256,66 €	5.723,90 €	32.980,56 €		Reduce prazo execución en 8 semanas.
Integral de reparaciones técnicas y servicios, S.L. (Intertec, S.L.)	28.500,00 €	5.985,00 €	34.485,00 €		Reduce prazo execución en 8 semanas.

Aplicados os criterios de adxudicación fixados na invitación cursada resulta a seguinte clasificación:

Licitador	PUNTOS		TOTAL PUNTOS
	Prezo	Mellora	
Zona de Obra o Rosal, S.L	20	80	100
Nemesio Ordóñez, S.A.	9,63	80	89,63



Integral de reparaciones técnicas y servicios, S.L. (Intertec, S.L.)	5,39	80	85,39
--	------	----	-------

Requirida garantía definitiva ao licitador clasificado en primeiro lugar, esta foi presentada o 10 de outubro de 2017.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Adjudicar o contrato denominado “Acondicionamento e mellora dos aseos no campo de fútbol de Vilaxoán”, á empresa Zona de Obra o Rosal, S.L. (B94106663), por importe (IVE excluído) de 24.215,43€, ao que lle corresponde un IVE 21% de 5.085,24€ o que totaliza un prezo de adjudicación (IVE engadido) de 29.300,67€ con cargo á partida 341-63200, que inclúe unha mellora consistente na redución do prazo de execución en 8 semanas; ao ser a oferta economicamente máis vantaxosa para a Administración.
2. Nomear director de obra ao arquitecto municipal Xoán Xosé Rodríguez Cuiña.

PRP2017/4684

Dáse conta da licitación do contrato denominado “Tarefas a realizar na fachada e interior do edificio da antiga Peixería” a través da Plataforma de Licitación Electrónica da Administración Local de Galicia, solicitáronse ofertas as seguintes empresas: Construcciones Jacinto Vidal, S.L.; Construcciones y Promociones Salpor, S.L. e Construcciones Manuel Abilleira, S.L.

Durante o prazo de presentación de ofertas presentáronse as seguintes:

Licitador	Oferta (sen IVE)	IVE 21%	Oferta (IVE engadido)
Construcciones y Promociones Salpor, S.L.	11.323,24€	1.132,32€	12.455,56€
Construcciones Jacinto Vidal, S.L.	14.074,42€	1.407,44 €	15.481,86€

Requirida garantía definitiva ao licitador clasificado en primeiro lugar, Construcciones y Promociones Salpor, S.L., esta foi constituída mediante transferencia efectuada o 4 de setembro de 2017.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Adjudicar o contrato denominado “Tarefas a realizar na fachada e interior do edificio da antiga Peixería”, á empresa Construcciones y Promociones Salpor, S.L. (B36822815), por importe (IVE excluído) de 11.323,24€, ao que lle corresponde un IVE 21% de 1.132,32€ o que totaliza un prezo de adjudicación (IVE engadido) de 12.455,56€ con cargo á partida 454-60900, ao ser a oferta economicamente máis vantaxosa para a Administración.
- 2.- Nomear director de obra ao arquitecto don Javier Vázquez Fernández.
- 3.- Designar coma funcionario técnico representante da Administración contratante, ós efectos do artigo 235 do TRLCSP, ó arquitecto municipal don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña.

PRP2017/4686

Dáse conta da licitación do contrato denominado “ Substitución integral de elementos de madeira en bancos en Rey Daviña, Romero Ortiz e Méndez Núñez” a través da Plataforma de Licitación Electrónica da Administración Local de Galicia. Durante o prazo de presentación de ofertas, presentáronse as seguintes:

Licitador	Oferta (sen IVE)	21% IVE	Oferta (IVE engadido)
------------------	-------------------------	----------------	------------------------------



Zona de Obra o Rosal, S.L.U.	9.781,43 €	2.054,09 €	11.835,53 €
Miguel Alonso Navia	11.000,00 €	2.310,00 €	13.310,00 €
Promoreyba, S.L.	11.528,93 €	2.421,07 €	13.950,00 €
Hermanos Mariño Cores, S.L.	12.303,68 €	2.583,84 €	14.887,84 €

Sendo o único criterio de adxudicación do contrato, o prezo, a oferta economicamente máis vantaxosa é a presentada pola empresa Zona de Obra o Rosal, S.L.U.

Requirida garantía definitiva ao licitador clasificado en primeiro lugar, esta foi presentada o 10 de outubro de 2017.

Visto o que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Adxudicar o contrato denominado “Substitución integral de elementos de madeira en bancos en Rey Daviña, Romero Ortiz e Méndez Núñez”, á empresa Zona de Obra o Rosal, S.L. (B94106663), por importe (IVE excluído) de 9.781,43 €, ao que lle corresponde un IVE 21% de 2.054,09 € o que totaliza un prezo de adxudicación (IVE engadido) de 11.835,53 € con cargo á partida 453-62500, ao ser a oferta economicamente máis vantaxosa para a Administración.
2. Nomear director de obra ao arquitecto don Iago Fernández Puentes.

PRP2017/4688

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a **Marconsa**, os traballos de reposición urxente no firme do vial da rúa da Cruz de Cornazo por importe de 2.468,40€ (IVA engadido), con cargo á partida 454-210.

PRP2017/4741

Dáse conta da tramitación de licitación, a través da Plataforma de licitación electrónica da Administración Local de Galicia (LEAL), do expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, tramitación ordinaria e documentalmente simplificada, para adxudicar o contrato de denominado “Conciliatardes coa infancia” cun orzamento de licitación de 35.000,00 € (IVE engadido).

Unha vez rematada a rolda de negociación, presentáronse as seguintes ofertas melloradas

Licitador	Oferta (ive excluído)	IVE 21%	Oferta (IVE engadido)	Melloras
Servicios Integrales de Formación, S.C.	28.390,00€	2.839,00€	31.229,00€	Sí
Ágora Aberta, S.L.	28.300,00€	2.830,00€	31.130,00€	Sí

Emitido informe técnico por parte da Coordinadora de Servizos Sociais, a clasificación das ofertas, por orde decrecente de puntuación, á que fai referencia a cláusula 13.5.1 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen a licitación é a seguinte:

Licitador	Proposta técnica (Ata 48 puntos)	Melloras (Ata 24 puntos)	Oferta económica (ata 28 puntos)	Total puntos
Ágora Aberta	46,75	24	28	98,75
Servicios Integrales de Formación, S.C.	25,50	12,80	22,99	61,29



Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato de servizos denominado "Conciliatardes coa infancia", á empresa **Ágora Aberta, S.L.**, por importe (IVE excluído) de 28.300,00 €, ao que lle corresponde un IVE 21% de 2.830,00 € o que totaliza un orzamento de adxudicación (IVE engadido) de 31.130,00 €, por ser a oferta máis vantaxosa para o Concello. (Partida 231-22643).

ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS PRP2017/4751

Dáse conta do informe da Intervención Municipal relativo a reclamación de xuros dos expedientes de reintegro de Axuda á creación de empresas 2017.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar ás empresas que reintegren as axudas e os intereses das subvencións reintegradas conforme o seguinte:

BENEFICIARIO	DATA PAGO SUBVENCIÓN	DATA DE ACORDO DE REINTEGRO	DATA INGRESO DO PRINCIPAL	DÍAS	IMPORTE A REINTEGRAR	% XUROS	TOTAL XUROS
FERNÁNDEZ GRADÍN, JAIME	29/09/2016	17/07/2017	***	301	1.172,60	3,75	36,22
LAGO SANDE, SILVIA	30/11/2016	17/07/2017	***	230	919,67	3,75	21,73
MARTÍNEZ MILLÁN, JOSÉ ANTONIO	24/01/2017	17/07/2017	07/07/2017	175	1.342,46	3,75	24,14
MGC RESTAURANTE , S.C.	09/10/2016	17/07/2017	***	282	2.000,00	3,75	57,89

Dar conta aos departamentos de Rendas e Tesourería.

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:00 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.